



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n, 15320 · Telf. 98145316 · · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: sbb

Expdte.: 2024/E001/000011

### **ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO ENCAMIÑADO Á SELECCIÓN DUN/HA PERSOA FUNCIONARIO/A INTERINO/A COA CATEGORÍA DE COORDINADOR/A DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE AS PONTES, A CAPELA E SOMOZAS 2024/25.**

#### **ACTA**

Ás 9:00 horas do día 14/01/2025, na aula polivalente do edificio de servizos múltiples Casa Dopeso das Pontes de García Rodríguez, reúnen os membros do tribunal do proceso selectivo encamiñado á selección dun/ha persoa funcionario/a interino/a coa categoría de coordinador/a do programa integrado de emprego do Concello de As Pontes, A Capela e Somozas 2024/25 nomeado a través do Decreto número 06/2025 de 7 de xaneiro, de acordo coa convocatoria e bases aprobadas mediante o Decreto número 2237/2024 (expediente 2024/G003/002318), publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 238, do 11/12/2024.

#### **CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL**

O órgano de selección (tribunal) queda constituído como se indica a continuación:

- **Presidente:** José Sanjurjo Paz, funcionario do subgrupo A2.

#### **- Vogais:**

- José Alvariño López, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.

- Gema García Carballeira, persoal laboral asimilado ao subgrupo A2.

- María Montserrat González Rivera, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.

**Secretaria:** Susana Bellas Bermúdez, funcionaria do subgrupo A2.

Á hora da realización do exercicio da fase de oposición (9:30 horas) se presentan tres persoas, das catro aspirantes admitidas no proceso selectivo.

Ás 9:30 horas procédese ao sorteo dos catro temas de cada unha das partes, saíndo o seguinte resultado:

Anexo I: temas 1, 2, 5 e 9

Anexo II: temas 3, 6, 8 e 16

Ás 9:35 horas comeza a fase de oposición que consiste en contestar a dous temas, un do Anexo I (materias xerais) e outro do Anexo II (materias específicas) elixidos dos catro sorteados. O tempo máximo para a realización do exercicio é de dúas horas.

A cualificación deste exercicio será de 0 a 20 puntos, sendo eliminadas aquelas persoas aspirantes que non acaden un mínimo de dez puntos.

Ás 11:35 horas dáse por finalizada a realización do exercicio da fase de oposición.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n, 15320 · Telf. 98145316 · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: sbb

Expdte.: 2024/E001/000011

Rematado o exercicio, o tribunal procede á súa cualificación, de acordo cos criterios establecidos na base 9 das bases reguladoras da convocatoria, outorgándolle ás persoas aspirantes presentadas as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 ou equivalente	FASE OPOSICIÓN (0-20 ptos.)
BOUZA NASEIRO, M <sup>a</sup> PILAR	***9690**	SI	11,5
DEL VALLE RODRÍGUEZ, GLORIA MARÍA	***3514**	SI	15
GARCÍA GRUEIRO, SUSANA	***5036**	SI	0
PÉREZ ROMERO, MARÍA PILAR	***1649**	SI	NON PRESENTADA

Unha vez concluída a valoración da fase de oposición os membros do tribunal proceden á valoración dos méritos da fase do concurso das aspirantes que superaron a fase de oposición, outorgando ás aspirantes a seguinte puntuación:

Aspirante	Titulación académica (max 2,5 ptos.)	Formación complementaria (máximo 2 puntos)	Experiencia profesional (máximo 5 ptos.)	Outros méritos (máximo 0,5 ptos)	Puntuación total
BOUZA NASEIRO, M <sup>a</sup> PILAR	0	2	5	0,5	7,5
DEL VALLE RODRÍGUEZ, GLORIA MARÍA	0	2	0	0	2

Á vista do anterior, o órgano de selección acorda:

**Primeiro.** Efectuar a valoración final do proceso selectivo, co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 ou equivalente	FASE OPOSICIÓN (0-20 puntos)	FASE CONCURSO (ata 10 puntos)	PUNTUACIÓN FINAL
BOUZA NASEIRO, M <sup>a</sup> PILAR	***9690**	SI	11,5	7,5	19
DEL VALLE RODRÍGUEZ, GLORIA MARÍA	***3514**	SI	15	2	17

**Segundo.** Contra as cualificacións deste exercicio as persoas aspirantes poderán reclamar perante o tribunal seleccionador no prazo de **tres (3) días hábiles** a contar a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/sxc/es/informacion/>).



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n, 15320 · Telf. 98145316 · · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: sbb

Expdte.: 2024/E001/000011

**Terceiro.** De non haber alegacións que alteren a orde das persoas aspirantes a cada posto, o tribunal propón a contratación da candidata coa maior puntuación. A outra aspirante quedará na listaxe de reserva.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o presidente declara concluída a sesión, ás 12:30 do 14 de xaneiro de 2025. Do actuado redáctase a presente acta, que é asinada electronicamente polo presidente e a secretaria do órgano de selección.